



**INSTRUCCIÓN POLA QUE SE ESTABLECE UN CRITERIO INTERPRETATIVO EN RELACIÓN Á
APLICACIÓN DO FACTOR DE CORRECCIÓN PREVISTO NO ARTIGO 25.7 DA
CONVOCATORIA DE AXUDAS DO PROGRAMA UNIDADES MIXTAS DE INVESTIGACIÓN
(IN853A)**

Por Resolución do 17 de xuño de 2016 do director da Axencia Galega de Innovación (DOG núm. 138, de 21 de xullo de 2016), modificada pola Resolución de 25 de outubro de 2016 (DOG núm. 207, de 31 de outubro de 2016), establecense as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para a creación, posta en marcha e consolidación de unidades mixtas de investigación aliñadas cos retos estratégicos e prioridades identificadas na RIS3 para Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016 (código de procedemento IN853A).

O artigo 25 da convocatoria denominado "*Gradación dos incumplimentos, reintegros e sancións*" establece no seu apartado 7 o seguinte:

«Por afectar ás condicións que se tiveron en conta no momento de conceder a subvención, nos seguintes casos de incumplimento reducirase a intensidade da axuda do seguinte xeito:

- a) Se o custo xustificado finalmente na partida de subcontratación fose inferior á contía concedida nesta partida reducirase a intensidade da axuda aplicando o factor de corrección: $F_c = 1 - X^2 / 2500$ Onde X é a porcentaxe deixada de xustificar sobre o custo que lle foi concedido nesta partida.
- b) Se o custo xustificado finalmente na partida de persoal de nova contratación fose inferior a contía concedida nesta partida reducirase a intensidade da axuda aplicando o seguinte factor de corrección: $F_c = 1 - X^2 / 2500$, onde X é a porcentaxe deixada de xustificar sobre o custo que lle foi concedido nesta partida.



c) Se se tivese incumprido a obriga de dar publicidade ao financiamento do proxecto consonante ó establecido no artigo 20 k) e m) desta resolución, ou a obriga de comunicar a obtención doutras axudas para o mesmo proxecto, aplicarase un factor de corrección do 0,95.

d) Se se tivesen incumprido as tarefas, compromisos, obxectivos ou condicións do proxecto dando lugar a un informe final negativo o incumprimento valorarase en función deste e suporá a aplicación dun factor de corrección igual á porcentaxe de incumprimento sinalado no informe técnico.

A concorrencia de distintas causas de incumprimento dará lugar á apreciación conxunta das mesmas, aplicando á intensidade da axuda o factor que resulte do produto de todos os factores de corrección. Nos casos de que algún dos factores de corrección sexa negativo a intensidade da axuda será cero.

A aplicación do factor de corrección realizarase na última anualidade, e o importe minorado detraerase desta. No caso de que o importe aprobado para a última anualidade resulte insuficiente para cubrir esta diferenza, requirirase á entidade beneficiaria para que proceda á devolución dos fondos percibidos indebidamente. A falta de devolución destes nos prazos requeridos dará lugar á incoación de expediente de reintegro nos termos recollidos no artigo 33 da Lei 9/2007 e no título V do Decreto 11/2009.»

O artigo 14.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia dispón que:

«Sen prexuízo de que o Consello da Xunta determine os criterios básicos, os órganos concedentes establecerán con carácter previo á disposición dos créditos as bases reguladoras aplicables á concesión.

As citadas bases serán obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia e na páxina web do órgano concedente, e conterán, como mínimo, os seguintes extremos:

n) Criterios de gradación de posibles incumplimientos de condicións impostas con motivo da concesión das subvencións. Estes criterios resultarán de aplicación para determinar a



cantidad que finalmente deba percibir o beneficiario ou, no seu caso, o importe a reintegrar, e deberán responder ao principio de proporcionalidade.»

Por outra banda, o artigo 33.2 da Lei 9/2007, ao regular as causas de reintegro, determina que cando o cumprimento por parte do beneficiario ou, no seu caso, entidade colaboradora se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por estes unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a cantidad a reintegrar virá determinada pola aplicación dos criterios enunciados no artigo 14 do mesmo texto legal.

A normativa vixente impón, polo tanto, que debe existir proporcionalidade entre o incumprimento e a medida a adoptar, polo que é necesario establecer un criterio interpretativo para a aplicación do factor de corrección previsto no artigo 25.7 das bases reguladoras. Este criterio permitirá determinar, de forma proporcionada, a cantidad a reintegrar ou, no seu caso, declarar a perda do derecho ao cobro da subvención naqueles casos que se produza un incumprimento por parte das entidades beneficiarias que afecte ás partidas de subcontratación e de persoal de nova contratación.

De acordo con todo o que antecede, e no ejercicio das competencias que teño atribuídas, dicto a seguinte

INSTRUCCIÓN

O alcance do factor de corrección previsto no artigo 25.7 letras a) y b) límitase, exclusivamente, ás partidas afectadas polo incumprimento.

Naqueles supostos nos que o custo xustificado finalmente na partida de subcontratación fose inferior á contía concedida nesta partida, reducirase a intensidade da axuda concedida nesta partida aplicando o factor de corrección $F_c = 1 - X^2 / 2500$ onde X é a porcentaxe deixada de xustificar sobre o custo que lle foi concedido nesta partida.



Do mesmo xeito, cando o custo xustificado finalmente na partida de persoal de nova contratación fose inferior á contía concedida nesta partida, reducirase a intensidade da axuda concedida nesta partida aplicando o factor de corrección $F_c=1-X^2/2500$ onde X é a porcentaxe deixada de xustificar sobre o custo que lle foi concedido nesta partida.

En coherencia co anterior, cando concorran as causas de incumprimento do artigo 25.7 letras a) y b) coas demais previstas no mesmo artigo, o factor que resulte do produto de todos os factores de corrección aplicarase únicamente á intensidade da axuda correspondente ás partidas afectadas polo incumprimento. Nos casos nos que algún dos factores de corrección sexa negativo, a intensidade da axuda nas partidas afectadas polo incumprimento será cero.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2022

A directora da Axencia Galega de Innovación

Patricia Argerey Vilar